

O verán do leite e o peixe

A PROTESTA DAS LEITEIRAS DE PONTEVEDRA DE 1892

Leite e peixe, que nunca casaron no padal, ligaron no social e comercial, facendo da súa venda e intercambio unha fonte de ingresos (aínda que pobre) para as mulleres das clases populares. Así, en Pontevedra foron moitas as leiteiras que ían desde o rural até os peiraos do barrio da Moureira mercar o peixe que levarían de volta á súa parroquia para satisfacer os estómagos da veciñanza máis afastada do mar.

Pescantinas e leiteiras forxaban unha alianza comercial que lles outorgaba certa independencia económica e as distaba de seren meras mulleres domésticas, tal e como acontecía entre aquelas adscritas ás clases medias e burguesas. O intercambio de mercancías entre elas estaba adornado de conversas, de rumores e chismes, liortas polos prezos, protestas, queixas pola situación do día a día, noticias da actualidade que lles afectaba, das inxustizas, dos fillos... da vida que se viña tecendo nos camiños andados polas leiteiras e agromaba na verba fluída e libre das pescantinas.

Eran, pois, mulleres con certa autonomía malia as moitas servidumes que lles impuñan a súa clase social e as penurias do día a día, mais sobre todo tiñan capacidade de influír na sociedade a pesar de seren mulleres nun contexto masculino e masculinizado. Tiñan presenza na rúa, peso na vida da cidade e, polo tanto,



unha posibilidade de actuación e repercusión social que aproveitaron cando tiveron que defender os seus intereses: o pan, a loita pola súa supervivencia e a da súa familia, que a finais do século XIX (en plena Restauración borbónica baixo a rexencia de María Cristina de Austria) se antollaba difícil para as clases populares.

A feble arquitectura económica que sostiña as familias destas mulleres ameazaba con verse empobrecida cando en xullo de 1892 o concello de Pontevedra decidiu que o leite fora gravado como un “consumo” e o peixe sufrira un importante incremento no seu arbitrio. As pescantinas recibiron mal esa nova, que coincidía ademais cunha caída no prezo do produto debido ás abundantes capturas daqueles días. Elas alentaron a protesta e as leiteiras negáronse a pagar os arbitrios, nacente un movemento subversivo ao que se sumaron as clases populares de Pontevedra e as forzas opostas ao poder, o republicanismo.

O primeiro día da protesta foi o 22 de xullo. Leiteiras, vendedoras de legumes, froitas e peixe, comezaron unha guerra a pedradas nos fielatos (onde se pagaba arbitrios) da Ponte do Burgo e da praza de San Xosé que rematou coa vitoria das mulleres tras un violento enfrontamento cos cobradores e a garda municipal que deixou as casetas do fielato pouco menos que destruídas e saqueadas. O alcalde naquela altura, Ángel Cobián Areal, ditou aquela mesma mañá un bando de urxencia para solicitar á poboación o seu afastamento dos lugares máis conflictivos.

O triunfo das vendedoras foi unha mostra da capacidade de autoorganización e cohesión que as levou a gañar novos apoios e activos no motín. De tal xeito, ao día seguinte Pontevedra amenceu vestida de pasquíns, panfletos e algunha bandeira vermella. Este movemento popular de base feminina tornábase político e colectivo, con eco entre o republicanismo, que observaba con asombro como o rural e o agro das parroquias posuía un enorme potencial subversivo.

O segundo día do motín, 23 de xullo, coincidía coa feira semanal, que atraía moita xente da contorna da capital, polo que o goberno municipal pediu a concentración de forzas da Garda Civil de toda a provincia na cidade. Ademais, o gobernador civil, González Bicada, e o alcalde acudiron aos puntos máis exaltados para negociar coas mulleres e aconsellar o pagamento dos impostos baixo o compromiso dun próximo arranxo. As autoridades enrócense na obrigatoriedade de pagar o novo arbitrio mentres que as vendedoras se mantiveron firmes. Finalmente lograron o seu obxectivo: saltarse o arbitrio e entrar sen pagar, iso si, entre berros e agresións.

A protesta chegou ao seu terceiro día nun ambiente pesado e violento. De novo, o lugar de maior confrontación foi a ponte do Burgo, entre pedradas, incontables feridos e culatazos. Sucedéronse os primeiros mortos e o terror que se xenerali-



zou na cidade. A situación era insostible e declararon o estado de sitio en Pontevedra. Á vez, ordenouse o envío de efectivos militares até formar un pequeno exército composto por sete compañías do Rexemento de Infantaría Murcia nº 37, un centenar de números da Garda Civil e medio centenar de integrantes do Corpo de Carabineiros. En total uns 900 efectivos militares que tomaron Pontevedra de madrugada. A cidade quedou suxeita á Lei marcial. A protesta parecía sufocada.

O 25 de xullo a cidade espertou deserta. O silencio indicaba que as vendedoras non acudiran a vender os seus produtos en sinal de protesta. Tampouco o fixeron ao día seguinte. Baixo a presión da falta de mercadorías, o 27 de xullo a corporación municipal acordou a supresión do imposto de consumo sobre o leite para conseguir o abastecemento do mercado, ao mesmo tempo que reduciu de dúas a unha peseta o arbitrio sobre cen quilos de peixe miúdo, e rebaixou o pagamento por cada pito de 16 a 10 céntimos. Unha clara vitoria popular. Ese mesmo día levantouse tamén o estado de sitio.

As leiteiras de Vigo non tardaron en esixir o mesmo trato que ás súas homónimas de Pontevedra, e como o concello veciño non aceptou a súa solicitude, declararon unha folga indefinida que terminou por falta de apoio, tras fracasar o seu propósito de lograr o desabastecemento da poboación.

Estes días de verán, sen leite, sen peixe, puideron ter sido a chama do movemento agrario pontevedrés, alentado por republicanos que se vincularon a este movemento espontáneo e desorganizado do campesiñado para dotalo de estrutura e formalidade e crear as primeiras sociedades agrarias como as de Lézec ou Marcón en 1896.